

O TRANSPORTE GALEGO VÓLVESE REBELAR CONTRA OS ESPECULADORES DO TRANSPORTE: AGORA NA PLANTA DA COCA COLA NA CORUÑA

- 1º) As federacións de transportistas FETRAM e FEGATRANS, integrantes do Comité Galego de Transportes e que agrupan na actualidade a máis de 1.500 autónomos e pemes do sector do transporte de mercadorías por estrada de Galicia, apoiamos incondicionalmente ao grupo de transportistas galegos, que viñan prestando os seus servizos de reparto de forma regular á planta de Coca Cola – BEGANO, sita na Coruña, e que acordaron o cesamento dos seus traballos para esta fábrica partir do xoves 30 de abril e o inicio dun Paro a partir do luns 4 de maio, en protesta pola decisión adoptada por BEGANO de externalizar integramente os seus servizos de transporte a través do Grupo Loxístico Sesé, con sede en Zaragoza, pero con filiais deslocalizadas fraudulentamente en Bulgaria e Romanía.
- 2º) Ambas federacións denunciámos novamente a ofensiva que na actualidade están a desenvolver en Galicia certos operadores de transporte foráneos, a maioría deslocalizados en países de Europa do leste, que mediante prácticas anticompetitivas perseguen fins exclusivamente especulativos, é dicir, non realizar directamente o transporte, senón especular con él, buscando concentrar o mercado de transporte para logo, desde a súa posición de dominio, desenvolver prácticas de competencia desleal impondo aos pequenos transportistas condicións de traballo abusivas e moito máis precarias que antes, por debaixo dos seus custos de explotación.
- 3º) Instamos á fábrica a unha rectificación e por tanto á apertura dunha mesa de negociación cos transportistas galegos afectados, a fin de explorar un acordo que permita a estes transportistas seguiren prestando os seus servizos de reparto para a fábrica.
- 4º) Empregaremos todos os recursos legais ao noso alcance, denunciando ante os distintos organismos da competencia estas prácticas anticompetitivas e desleais.
- 5º) Instamos unha vez máis á Xunta de Galicia (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e Dirección Xeral de Mobilidade) a mediar neste conflito, na procura dunha saída que permita a conservación do noso tecido empresarial de transporte.

Galicia, 29 de abril de 2015

EL TRANSPORTE GALLEGO SE VUELVE A REBELAR CONTRA LOS ESPECULADORES DEL TRANSPORTE: AHORA EN LA PLANTA DE COCA COLA EN A CORUÑA

- 1º) Las federaciones de transportistas FETRAM y FEGATRANS, integrantes del Comité Galego de Transportes y que agrupan en la actualidad a más de 1.500 autónomos y pymes del sector del transporte de mercancías por carretera de Galicia, apoyamos incondicionalmente al grupo de transportistas gallegos, que prestan sus servicios de reparto de forma regular a la planta de Coca Cola – BEGANO, situada en A Coruña, y que acordaron el cese de sus trabajos para esta fábrica a partir del jueves 30 de abril y el inicio de un Paro a partir del lunes 4 de mayo, en protesta por la decisión adoptada por BEGANO de externalizar integramente sus servicios de transporte a través del Grupo Logístico Sesé, con sede en Zaragoza, pero con filiales deslocalizadas fraudulentamente en Bulgaria y Rumanía.
- 2º) Ambas federaciones denunciaremos nuevamente la ofensiva que en la actualidad están desarrollando en Galicia ciertos operadores de transporte foráneos, la mayoría deslocalizados en países de Europa del Este, que mediante prácticas anti-competitivas persiguen fines exclusivamente especulativos, es decir, no realizar directamente el transporte, sino especular con él, buscando concentrar el mercado de transporte para después, desde su posición de dominio, desarrollar prácticas de competencia desleal imponiendo a los pequeños transportistas condiciones de trabajo abusivas y mucho más precarias que antes, por debajo de sus costes de explotación.
- 3º) Instamos a la fábrica a una rectificación y por tanto a la apertura de una mesa de negociación con los transportistas gallegos afectados, con el fin de alcanzar un acuerdo que permita a estos transportistas seguir prestando sus servicios de reparto para la fábrica.
- 4º) Emplearemos todos los recursos legales a nuestro alcance, denunciando ante los distintos organismos de la competencia estas prácticas anticompetitivas e desleales.
- 5º) Instamos una vez más a la Xunta de Galicia (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e Dirección Xeral de Mobilidade) a mediar en este conflicto, en busca de una salida que permita la conservación de nuestro tejido empresarial de transporte.

Galicia, 29 de abril de 2015